

**PROCESO DE CERTIFICACIÓN DOS MODELOS DE
AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE DOCENTE DO
PROFESORADO UNIVERSITARIO
(PROGRAMA DOCENTIA)**

Este documento é propiedade das axencias participantes no Programa DOCENTIA.
O seu contido poderá ser utilizado sempre que se cite a súa procedencia.

Contido

Introdución	3
1. Obxectivos do proceso	4
2. Obxecto e ámbito de aplicación	4
3. Requisitos para a certificación	4
4. Solicitud de certificación	6
5. Proceso de avaliación para a certificación	7
6. Decisión sobre a certificación	8
7. Seguimento da certificación	9
8. Renovación da certificación	10
9. Uso dos certificados	11
10. Glosario de termos e definicións	11

Introducción

Desde que en 2007 tivo lugar a primeira convocatoria do Programa DOCENTIA, foron despregándose as distintas fases que o compoñen:

- Deseño dos modelos de avaliación da actividade docente
- Avaliación dos modelos
- Implantación dos modelos
- Primeiro seguimento da implantación
- Segundo seguimento da implantación
- Certificación dos modelos

O proceso que se describe neste documento persegue sistematizar as actuacións das axencias que interveñen no Programa DOCENTIA destinadas a certificar os modelos de avaliación da actividade docente do profesorado das distintas universidades participantes.

Para isto, descríbese o procedemento que deberán seguir as axencias certificadoras, así como os obxectivos, os requisitos e as consecuencias da certificación, co obxecto de reducir a un único proceso o conxunto de actuacións realizadas polos distintos axentes implicados. Neste sentido, a certificación da implantación e os resultados dun modelo de avaliación DOCENTIA virán significar o recoñecemento de que un sistema de avaliación da calidade da actividade docente desenvolvido nunha universidade ou nun centro de educación superior, nun período de tempo dado, atinxiu os obxectivos previstos no seu deseño.

A finalidade deste proceso é a confianza de todos os grupos de interese (axencias de calidade, universidades, profesorado, estudantado e sociedade en xeral) no tocante a que as actividades docentes desenvolvidas nas universidades cumpren con criterios de calidade contrastados no devandito ámbito.

1. Obxectivos do proceso

Este proceso ten como obxectivo certificar os modelos de avaliación da actividade docente do profesorado universitario implantados nas universidades e noutros centros de educación superior no marco do Programa DOCENTIA. Consecuentemente, a certificación destes modelos supón un recoñecemento externo do interese e a preocupación da institución pola mellora da calidade e a innovación da actividade docente que nela se imparte, e así mesmo permitirá recoñecer os resultados das avaliacións obtidas polo seu profesorado con vistas á súa posterior aplicación noutros procesos de avaliación. Para isto último, os resultados certificados deben ser comparables.

2. Obxecto e ámbito de aplicación

Este proceso de certificación é de aplicación a todos os modelos de avaliación da actividade docente implantados nas universidades e noutros centros de educación superior que participan no Programa DOCENTIA e que superasen a fase de seguimento favorablemente.

A certificación será de aplicación exclusivamente durante un período máximo de catro anos e para os efectos de recoñecemento establecidos.

3. Requisitos para a certificación

Os requisitos que constitúen a base para a certificación son os seguintes:

3.1. TRANSPARENCIA. A universidade fai públicos tanto a convocatoria como os documentos previos á avaliación da actividade docente, os protocolos e os resultados agregados (estatística de resultados), así como outros documentos, conforme ao establecido no seu modelo de avaliación. Ademais, nalgún dos órganos do proceso de avaliación deberán estar representados todos os axentes implicados. A universidade deberá achegar información sobre a satisfacción dos axentes implicados no proceso, o modelo e os resultados.

3.2. COBERTURA/PARTICIPACIÓN. A universidade implantou un modelo de avaliación en que participa, cando menos, o 30% dos tipos e figuras de profesorado universitario no momento da certificación.

3.3. DISCRIMINACIÓN. Os resultados da avaliación da actividade docente permiten discriminar e agrupar, xustificadamente, o profesorado en catro categorías, de forma que as universidades identifiquen en cada unha das dimensións avaliadas diferentes grupos de profesores en función do seu desempeño. Estas categorías poderían nomearse coas letras A, B, C e D, referidas aos seguintes parámetros:

A: desempeño excelente

B: desempeño notable

C: desempeño aceptable

D: desempeño insuficiente ou deficiente

3.4. INFORMES

a) A universidade elabora informes individualizados de cada membro do seu profesorado que recollen a súa valoración global e as valoracións desagregadas en, cando menos, tres dimensións: planificación, desenvolvemento e resultados do ensino. Estes informes comunícanse, como mínimo, aos profesores e aos responsables académicos. Cada profesor/a debe recibir un informe individualizado con información sobre as accións de mellora que cómpre que realice.

b) A universidade elabora un informe anual de avaliación, a partir da revisión do seu modelo de avaliación, que recolle os resultados para o conxunto dos profesores avaliados e as decisións adoptadas tras a devandita avaliación, así como o plan de mellora. É dicir, o proceso ten que ser trazable.

c) Ademais, para cada membro do seu profesorado avaliado co modelo DOCENTIA a universidade expide un certificado (unificado) coa información do punto 3.3.3 que se determine.

3.5. CONSECUENCIAS

a) A universidade aplica procedementos para determinar o impacto da avaliación da actividade docente nos centros e departamentos.

b) A universidade achega evidencias da aplicación das correspondentes consecuencias previstas no seu modelo de avaliación (p. e. a promoción, a formación, a incentivación económica etc.).

c) A universidade diseña un plan de mellora da actividade docente do seu profesorado acorde coas deficiencias detectadas na súa avaliación. Este plan identifica o(s) órgano(s) responsable(s) da súa execución.

4. Solicitude de certificación

4.1. As axencias de calidade fan públicos (no web do organismo) os requisitos de certificación, así como unha relación dos documentos que lle cómpre presentar á universidade participante. Tamén se incluírá un modelo de solicitude que a universidade participante debe completar e asinar. O devandito modelo engloba información xeral relativa á universidade participante, así como unha declaración de que esta entidade cumpre cos requisitos para a certificación e acepta proporcionar calquera información útil para a avaliación.

4.2. As universidades que desexaren solicitar a certificación do seu modelo de avaliación da actividade docente deberán dirixirse á correspondente axencia de avaliación, seguindo o procedemento previsto na convocatoria. No caso das comunidades autónomas sen órgano propio de avaliación, dirixíranse á Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANECA).

5. Proceso de avaliación para a certificación

5.1 A Comisión DOCENTIA:

- a) Elabora un protocolo que permite avaliar de forma obxectiva e sistemática os requisitos de certificación recollidos neste documento.
- b) Nomea comisións de certificación formadas por expertos académicos de recoñecido prestixio nun ámbito ou unha temática asociados á calidade do sistema universitario, con experiencia en avaliación. Alén dos expertos, as comisións estarán compostas por un membro do estudiantado e un membro do persoal técnico dunha das axencias participantes, e poderán incluír axentes externos. Todos os membros destas comisións deberán participar previamente nun programa de formación sobre as cuestións relacionadas coa avaliación da certificación.
- c) Vela pola coherencia na aplicación dos requisitos de avaliación das comisións de certificación nos informes técnicos elaborados, coa finalidade de garantir a calidade deste programa.

5.2 A axencia de calidade correspondente:

- a) Revisa a solicitude de certificación e a documentación achegada para confirmar que a universidade ou o centro de educación superior solicitante presenta os documentos requiridos para participar no proceso de certificación. De ser necesario completar a documentación presentada, a universidade terá vinte días naturais para emendar as carencias detectadas.
- b) Elabora un informe co resultado da certificación, para cada solicitude presentada pola universidade, con base no xuízo experto de cada comisión de certificación sobre a avaliación realizada da documentación achegada.

5.3 Comisi3ns de certificaci3n

a) Avalian a documentaci3n presentada pola universidade e realizan, de ser o caso, unha visita *in situ* 3 entidade solicitante para contrastar a informaci3n achegada por esta. A comisi3n de certificaci3n poderia determinar que as visitas fosen realizadas unicamente por un ou m3is membros do equipo, segundo o motivo da revisi3n. A devandita visita ser3 sufragada en parte pola universidade, nos termos en que se establecer na convocatoria de certificaci3n.

b) Posteriormente, elaboran un informe t3cnico cuxos destinatarios son a Comisi3n Docentia e a axencia correspondente.

6. Decisi3n sobre a certificaci3n

6.1. As axencias de calidade informan sobre a solicitud de certificaci3n presentada en sentido favorable ou desfavorable.

6.2. No caso de que o modelo de avaliaci3n aplicado incumpra alg3ns dos requisitos fixados, non ser3 certificado, e poder3 requir3rselle 3 universidade un plan de melloras que modifique ben este modelo de avaliaci3n ou ben a s3a aplicaci3n.

6.3. A decisi3n adoptada sobre a certificaci3n seralles comunicada directamente 3s universidades solicitantes de acordo coas canles que se estableceren na convocatoria.

6.4. A universidade solicitante poder3 recorrer a decisi3n adoptada sobre a certificaci3n segundo o establecido na convocatoria.

6.5. Os certificados conte3nen, como m3nimo, a seguinte informaci3n:

a) O nome da universidade ou do centro de educaci3n superior cuxo modelo de avaliaci3n da actividade docente foi certificado, e un c3digo de certificaci3n 3nico.

- b) O nome do organismo de certificación, a ANECA e a axencia de calidade correspondente, de ser o caso.
- c) Unha referencia ao proceso de certificación ou a outros documentos pertinentes, incluída a súa versión, en que se basea a certificación.
- d) A data de entrada en vigor e a data de vencemento da certificación.
- e) As universidades cuxos procedementos foren certificados formarán parte dun rexistro de entidades certificadas elaborado polas axencias de calidade. Este rexistro será publicado no sitio web das entidades certificadoras e incluírá os seguintes aspectos:
 - i. Nome e código da universidade cuxo modelo de avaliación da actividade docente do profesorado foi certificado.
 - ii. Vixencia e, de ser o caso, sucesivas renovacións da certificación.

7. Seguimento da certificación

7.1. As universidades cun modelo de avaliación certificado deben entregarlle(s) ao(s) organismo(s) certificador(es) un informe anual sobre a aplicación do devandito modelo.

7.2. Os modelos de avaliación certificados son obxecto dun seguimento periódico de carácter proactivo por parte da axencia de calidade correspondente. Este seguimento estará baseado no informe anual sobre a aplicación do modelo.

7.3. Os cambios introducidos pola universidade no modelo de avaliación da actividade docente deben quedar reflectidos no seu informe anual. Cando os cambios afectaren de xeito substancial o modelo inicialmente certificado, serán revisados polas comisións de certificación para comprobar se alteran as directrices do modelo DOCENTIA.

7.4. As condicións e os procedementos para o seguimento da certificación, incluída a frecuencia, publicaranse no web dos organismos de certificación.

8. Renovación da certificación

8.1. As condicións e os procedementos para manter esta certificación publicaranse no web do organismo certificador.

8.2. A certificación do modelo de avaliación terá unha vixencia de como máximo catro anos, aínda que será preceptivo o envío do correspondente informe de seguimento anual.

8.3. Transcorridos catro anos desde a certificación, para renovala a universidade deberá elaborar un informe que evidencie a transparencia do proceso, a satisfacción dos axentes implicados, a utilidade dos resultados obtidos e a comunicación do impacto conseguido. No caso de se introduciren modificacións substanciais a respecto do modelo orixinal e os informes anuais, cumprirá que as devanditas modificacións sexan valoradas pola comisión de certificación.

8.4. De non se obter a renovación da certificación producirase a baixa inmediata do rexistro correspondente.

8.5. No caso de non se renovar a certificación, a universidade deberá someterse a un proceso de valoración do seguimento da implantación do seu modelo de avaliación antes de solicitar a súa participación nunha nova fase de certificación.

9. Uso dos certificados

9.1. A certificación dun modelo de avaliación da actividade docente no marco do Programa DOCENTIA comporta o recoñecemento da calidade docente do profesorado avaliado favorablemente con ese modelo na universidade correspondente. Así mesmo, cada membro do profesorado obterá un certificado individual da calidade da súa actividade docente.

9.2. A universidade participante debe ter accesible ao público a información relativa á certificación outorgada (código, data de concesión e vixencia), e cumprirá que indique que a avaliación da actividade docente está recoñecida polos organismos de certificación correspondentes.

9.3. As universidades ou os centros de ensino superior cuxos procedementos de avaliación da actividade docente foren certificados poderán empregar a súa certificación para facer publicidade sobre a calidade da actividade docente neles desenvolvida.

10. Glosario de termos e definicións

Convocatoria: prazo, condicións e proceso que establece o modo en que as universidades poderán presentar os resultados da implantación do seu modelo de avaliación da actividade docente. Poderá ser nacional e/ou autonómica, estará permanentemente aberta e contará con requisitos similares.

Seguimento: proceso de comunicación anual dos resultados e cambios incorporados polas universidades na implantación do modelo de avaliación da actividade docente.

Organismo de certificación: axencia de calidade (nacional ou autonómica) que realiza a certificación e o correspondente rexistro dos modelos que cumpren cos criterios especificados neste proceso.

Vixencia: período de tempo durante o cal é válida a certificación da implantación e os resultados, sempre e cando non se introduciren modificacións substanciais.

Certificación: é a acción levada a cabo por unha entidade independente das partes interesadas, mediante a que se manifesta que unha organización, un produto, un proceso ou un servizo cumpre os requisitos definidos nunhas normas ou especificacións técnicas.

Renovación: novo proceso de avaliación a que debe someterse a universidade para obter un novo período de vixencia da certificación, unha vez caducado o anterior.

Rexistro: relación das universidades certificadas, que serán identificadas cun código de identificación único, en que se incluírá, ademais, a vixencia da certificación e, de ser o caso, as sucesivas renovacións. Aparecerá publicado cando menos no web da ANECA.